
**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN PERMANENTE DA ESCOLA
TÉCNICA SUPERIOR DE ENXEÑEIROS DE CAMIÑOS, CANAIS E PORTOS
DA CORUÑA CELEBRADA O XOVES, DÍA 3 DE SETEMBRO DE 2015**

De acordo co establecido na Orde do Día, a Comisión Permanente da Escola Técnica Superior de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos da Universidade da Coruña constitúese en sesión ordinaria ás 12:53 horas do xoves día 3 de setembro de 2015 coa seguinte orde do día:

- 1) Aprobación de Actas
- 2) Informe do Director
- 3) Proposta de profesores honorarios
- 4) Quenda aberta de palabra

ASISTEN OS SRES:

PROFESORES

Baldomir García	Aitor
Carro López	Diego
Casteleiro Maldonado	Manuel
Colominas Ezponda	Ignasi
Delgado Martín	Jordi
Domínguez Pérez	Xabier
Galán Díaz	Juan José
Herrador Barrios	Manuel F.
Martínez Abella	Fernando
Martínez Lage	Isabel
Orro Arcay	Alfonso
París López	José
Pena Mosquera	Luis

ESTUDANTES

Dacosta Tapia	Jorge
Pire Pardo	Luis
Rojo López	Gemma

PERSOAL ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS

Preside a sesión o Sr. Ignasi Colominas, Director da Escola. Actúa como Secretario o Sr. Diego Carro.

1. Aprobación de Actas

Apróbase.

Intervén a profesora Isabel Martínez, indicando que sería convinte enviar a acta ós membros anteriores da Comisión por se queren comentar algo.

Indícase que así se fará.

2. Informe do Director

Comeza o informe tratando a situación do profesorado, en primeiro lugar, causou baixa por xubilación o profesor Ramón Martul. Ademais, hai 4 prazas en fase de concurso nos cales xa finalizou a presentación de aspirantes. A incorporación das persoas seleccionadas non será ata finais de setembro.

A finais de xullo os profesores asociados recibiron un escrito da Universidade consultando se seguían cumprindo os requisitos precisos para esta figura contractual. Isto produciu que algúns profesores tiveran que renovar a compatibilidade durante o verán.

Continúa o informe tratando a modificación do grao do TECIC, o documento presentouse en tempo e agora está na ACSUG para a súa avaliación.

Respecto á situación económica e as limitacións de gasto, na práctica estase ante unha paralización e suspensión de gasto en centros, departamentos, de xeito que todo gasto ten que estar autorizado previamente desde a Reitoría. Por esa razón o profesor Luis Pena solicitou unha lista de excursión que se teñan planificadas para solicitar o presuposto.

No que respecta a prazas de novo ingreso, en estes momentos hai 62 novos estudantes nos dous grados, 31 en cada grao. Comenta tamén as notas de ingreso, e recalca que hai moitos estudantes que acceden con notas altas.

O luns comezan as clases en todos os cursos, anque no caso do 1º curso do Máster o inicio retrasase unha semana para que os estudantes que están pendentes de presentar o TFG teñan tempo a realizar esa presentación.

Intervén o profesor Manuel Casteleiro consultando sobre a forma de executar o presuposto, se só se aplica a capítulo 2 e tamén sobre capítulo 6. Resposta o Director indicando que o capítulo 6 está pechado.

Consulta o profesor Manuel Herrador sobre a matrícula no Máster. Na resposta explícase todo o proceso de matrícula. O sentir é que hai dificultades para acceder ó Máster.

Consulta o profesor Fernando Martínez sobre a suspensión de pagos, se se sabe se se vai a levantar esa restrición. O Director resposta dicindo que parece que a situación continuará e que hai bastantes disfuncións. A comisión de asuntos económicos da Universidade tampouco aclarou cando se vai a cambiar esta situación.

Respecto á execución de presuposto, o Director indica que seguirá a mandar o resumo de situación económica

3. Proposta de profesores honorarios

O Director indica que hai unha nova proposta de profesor Honorario para o profesor Ramón Martul, o cal foi profesor desta Escola e da de Arquitectura Técnica.

Aprobase

Tamén se somete a aprobación a renovación do profesor Rodrigo del Hoyo, proponendo que se lle renove a este profesor mentres poida continuar por idade.

Apróbase

4. Quenda aberta de palabra

Intervén o profesor Manuel Casteleiro consultando sobre os avances no CITEEC, resposta o profesor Fernando Martínez, indica que vai a bo ritmo, que a constructora encontra precios contradictorios pero vanse resolvendo as cuestións que van saíndo.

A sesión da Comisión Permanente finaliza ás 13:30 do 3 de setembro de 2015.

Vº. Bº.
Ignasi Colominas Ezponda
Director

Diego Carro López
Secretario Académico